



PERFILES TOPOGRÁFICOS

PASO 1




1. Unir os dous puntos do mapa que delimitan a zona da que se quere realizar o perfil topográfico.

PASO 2




2. En papel milimetrado, debuxar unha recta de igual lonxitude que a anterior e superpoñela á primeira. Marcar sobre esta recta tódalas interseccións coas curvas de nivel, anotando en cada unha delas a altitude correspondente.

PASO 3



3. Debuxar o eixe de ordenadas comezando nun dos extremos (ou en ámbolos dous se é preciso), sinalando nel as cotas de altitude presentes no mapa e acorde á escala do mesmo (por exemplo, se a escala é 1:10.000, cada centímetro do noso mapa corresponderá a 100 m de altitude). A continuación, proxectar sobre este eixe cada unha das interseccións coas curvas de nivel sinaladas no paso anterior na súa altitude correspondente.

PASO 4




4. Unir tódolos puntos obtidos mediante unha liña, que representa o relevo (o trazo debe ser suave, non unha liña quebrada que non reflicta ben a realidade).

5. Para finalizar, lembra indicar a escala utilizada e orientar o perfil sempre que sexa posible.

MAPA #1

1. Realiza o perfil topográfico entre os puntos X e Y.
2. Debuxa en cor azul sobre o mapa o percorrido dunha posible corrente de auga e indica o sentido da mesma (cara onde discorre a auga) empregando os puntos cardinais.


3. Identifica outras formas do relevo (outeiros, picos, colados, chairas, pendentes pronunciadas, etc.).



Escala 1:10.000

MAPA #2

Vaise realizar unha proba de motocross e deséxase coñecer o perfil que deben percorrer os participantes. A continuación móstrase o mapa topográfico do lugar onde se vai celebrar a proba e o percorrido da mesma (de A a B).



1. Levanta o perfil topográfico entre A e B.
2. As letras X e Z representan dous vales. Indica con frechas no mapa o sentido das correntes de auga por estes vales.
3. Cal dos dous vales ten as ladeiras máis pronunciadas? Xustifica a resposta.

4. Calcula a pendente entre os puntos A e C.

5. Calcula a distancia xeométrica entre os puntos A e C.

6. Que distancia en liña recta tería que percorrer un helicóptero que fai o seguemento da proba de motocross para ir do punto A ó punto B?